

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **SEGUNDO INSTRUMENTO IV**

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

(DOCENCIA PRESENCIAL)

(ver anexo no apartado 8 para docencia semi presencial e non presencial)

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO D 163/2015)

Curso 2020/21

| 1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | | | | | | | | | | | |
|---|--------------------------|----|----------|----|----------|----|----------|--------------------------|-----------------------------|------------------|--|
| DISCIPLINA: DISCIPLINA: SEGUNDO INSTRUMENTO I | | | | | | | | | | | |
| ESPECIALIDADE | Composición ou Pedagogía | | | | | | | ITINERARIO | Composición ou Pedagogía | | |
| CARÁCTER | Obrigatoria | | | | | | | TIPO DE CLASE | Individual | | |
| DEPARTAMENTO | Guitarra | | | | | | | XEFE/A DE DPTO. | Eulogio García | | |
| CURSOS | 1º curso | | 2º curso | | 3º curso | | 4º curso | | COORDINADOR/A DA DISCIPLINA | Rodolfo García | |
| CUADRIMESTRES | I | II | III | IV | V | VI | VII | VII I | Horas de clase semanais: | 1 | |
| ECTS/CUAD. | | | | 3 | | | | | Observacións: | | |
| DOCENTES: | NOME E APELIDOS | | | | | | | EMAIL/TEL/WEB | | TITORÍA | |
| | Rodolfo García | | | | | | | rodolfogarcia@mundor.com | | Venres de 9 a 10 | |

| 2. DESCRITOR E COMPETENCIAS | |
|--|---|
| DESCRITOR: | Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo. |
| COÑECEMENTOS PREVIOS: | Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior. |
| RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: | |
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: | T1, T3, T6, T13, T15 |
| COMPETENCIAS XERAIS: | X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24 |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: | EI 1, EI5 |
| Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro | |

| 3. OBXECTIVOS | |
|--|---------------------------|
| DESCRIPCIÓN | COMPETENCIAS RELACIONADAS |
| Adoptar unha posición axeitada do corpo respecto do instrumento, que posibilate e favoreza a acción do conxunto brazo, antebrazo, pulso, mans, dedos esquerdos sobre o diapasón, e dos dereitos sobre as cordas. | Todas |
| Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento para conseguir un perfeccionamento continuo da calidade sonora e saber empregalo, dentro das exigencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto. | Todas |
| Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel. | Todas |
| | |

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

| TEMAS | DESCRITOR DE SUBTEMAS | SESIÓNS |
|---|---|-----------|
| Percepción e desenvolvemento das función motoras que interveñen na execución guitarrística, e da súa adecuada coordinación. | Adecuada posición física co instrumento | 2 |
| Desenvolvemento da habilidade de cada man e da sincronización de ambas. | Adquisición de habilidades básicas | 8 |
| Desenvolvemento da distancia entre os dedos da man esquerda. | Ejercicios de toma de conciencia do funcionamento dos dedos dentro da guitarra | 2 |
| Principios xerais da dixitación guitarrística e do seu desenvolvemento para expresar coa maior claridade as ideas e o contido musicais. | Comparación de distintas dixitación e a súa incidencia musical | 2 |
| Emprego das posibilidades tímbricas do instrumento | Coñecemento do “tirando e do apoiando” e da influencia da posición da man dereita sobre as cordas | 4 |
| Afondar no coñecemento dos recursos da guitarra. | Apoiando, tirando, glisandos, armónicos, tambora, etc. | 6 |
| Harmónicos naturais. | Comprensión e execución | 1 |
| Adquisición de hábitos de estudo correctos. | Estratexias para abordar o estudo dunha obra nova | 2 |
| Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio guitarrístico. Estudo de pezas de diferentes periodos estilísticos | Interpretación dun repertorio básico de guitarra e coñecemento xeral do seu repertorio | 14 |
| Coñecemento das posibilidades interpretativas do instrumento | Audición de pezas clave do repertorio guitarrístico | |
| TOTAL SESIÓNS: | | 16 |

5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE

| TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN | HORAS PRESENCIAIS | HORAS NON PRESENCIAIS | TOTAL HORAS |
|---------------------------------|-------------------|-----------------------|-------------|
| Clases prácticas | 14 | | |
| Clases teóricas | 2 | | |
| Práctica individual | | 72 | |
| Avaliación | 2 | | |
| TOTAL HORAS: | | | 90 |

| 6. AVALIACIÓN | | | |
|---|---------------------------------------|------------------------|-------------|
| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | COMPETENCIAS AVALIADAS | PONDERACIÓN |
| 6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA | | | |
| 6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA) | | | |
| Asistencia a clase | Participación activa | Todas | 30% |
| Audición do repertorio traballado | Adecuada interpretación do repertorio | Todas | 70% |
| 6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO) | | | |
| Audición do repertorio traballado no cuatrimestre correspondente | Adecuada interpretación do repertorio | Todas | 100% |
| 6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) <i>máis de 3 faltas</i> | | | |
| Audición do repertorio traballado no cuatrimestre correspondente | Adecuada interpretación do repertorio | Todas | 100% |
| 6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA | | | |
| Audición do repertorio traballado no cuatrimestre correspondente | Adecuada interpretación do repertorio | Todas | 100% |
| Observacións: | | | |

| 7. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS | |
|---|--|
| | Repertorio básico de guitarra. Exercicios de técnica básica. Métodos de iniciación guitarrística |

| 8. ANEXOS |
|--|
| PROGRAMACIÓN MIXTA (ENSINO PRESENCIAL COMBINADO CON NON PRESENCIAL) |
| <p>OBXECTIVOS E CONTIDOS: Intentarase conseguir os mesmos obxectivos e contidos, a través de clases realizadas por medios telemáticos no período non presencial.</p> <p>PLANIFICACIÓN DOCENTE: As clases non presenciais impartiranse de xeito telemático a través dalgunha plataforma adecuada aos alumnos. En caso de non dispoñer o alumno destes, comunicaranos á dirección do centro para buscar formulas alternativas como o envío de tarefas realizadas mediante arquivos de audio ou vídeo, a través do correo electrónico.</p> <p>AVALIACIÓN: A avaliación continua resultaría da media de todo o traballo efectuado polo alumno en tempo e forma adecuada no confinamento, máis aquelas cualificacións recibidas no período presencial. Para aqueles que perdesen a avaliación continua se habilitaría un exame telemático a través de skype ou calquera outra plataforma familiar para o alumnado. Os alumnos que non teñan os medios ou a conectividade adecuada para seguir esta forma de ensino comunicaranos á dirección para tentar de habilitar outras formas de avaliación como o correo ordinario. Si fose posible a avaliación faríase no período presencial e teríase en conta tanto o traballo do período non presencial coma o de presencial.</p> |
| PROGRAMACIÓN NON PRESENCIAL |
| <p>OBXECTIVOS E CONTIDOS: Neste suposto intentarase conseguir os mesmos obxectivos e contidos a través de actividades realizadas por medios telemáticos.</p> <p>PLANIFICACIÓN DOCENTE: As clases non presenciais impartiranse de xeito telemático a través dalgunha plataforma adecuada aos alumnos. En caso de non dispoñer o alumno destes, comunicaranos á dirección do centro para buscar formulas alternativas como o envío de tarefas realizadas mediante arquivos de audio ou vídeo, a través do correo electrónico.</p> <p>AVALIACIÓN: A avaliación continua resultaría da media de todo o traballo efectuado polo alumno en tempo e forma adecuada. Para aqueles que perdesen a avaliación continua se habilitaría un exame telemático a través de skype ou calquera outra plataforma familiar para o alumnado. Os alumnos que non teñan os medios ou a conectividade adecuada para seguir esta forma de ensino comunicaranos á dirección para tentar de habilitar outras formas de avaliación como o correo ordinario.</p> |